



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 13 de xuño de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón,

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 6 de xuño de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

##### **2.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización



## Concello de Cangas

para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
L.C.S.	Longán, nº 34-B-Coiro. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

### 2.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN RÚA CARLOS CASARES

Dase conta de informe emitido o día 10.06.2016 pola Policía Local, referente a sinalización en rúa Carlos Casares, que di o seguinte:

*"Nº REX: 1079/16*

*ASUNTO: SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN NA R/CARLOS CASARES Á ALTURA NO Nº 6*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052024 e A052032, por medio do presente, informan:*

*Que en relación o escrito presentado por A.L.F., con Rexistro de entrada nº 6982 de data 6 de xuño de 2016, no que solicita a sinalización pertinente para prohibir estacionar na marxe dereita á altura do nº 6, na R/Carlos Casares.*

*Que por parte dos axentes, non hai inconveniente en acceder o solicitado".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar o informe transcrito anteriormente da Policía Local.

### **3º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS**

#### 3.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINO PÚBLICO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade cos informes emitidos o día 13.06.2016 polo departamento de Xestión de Ingresos Municipal e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública



## Concello de Cangas

con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

**Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.**

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A.R.G. (TABERNA "MANOLO MAÑANITAS"), para ocupación con mesas e cadeiras na Praza do Arco, nº 7-Cangas, nunha superficie de 9,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P.M.F. (HAMBURGUESERIA"OBELIX"), con NIF 35293680-L, para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Redondela, nº 8-Cangas, nunha superficie de 16,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR TAPERÍA A PARROCHA, con NIF B94115839, rep.: F.R.C., (TAPERÍA "A PARROCHA"), para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas, nunha superficie de 9,00 m<sup>2</sup>. de 32 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro (condiciónase á presentación de informe do ORAL e apertura de establecemento).

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M.L.S.F., (CAFÉ-BAR "PAXARIN"), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. Montero Ríos, nº 1 A-Cangas, nunha superficie de 8,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M.P.N., (BAR "LICENCIA 45"), para ocupación con mesas e cadeiras na Praza das Pontes, nunha superficie de 32,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR B.P.C.), (XELADERÍA), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nunha superficie de 10,50 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.M.C., (BAR "ALAMEDA"), para ocupación con mesas e cadeiras na Praza do Arco, nº 1-Cangas, para ocupación con mesas e cadeiras de 30,85 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro (ao tratarse dunha rúa pola que circulan vehículos ten que manter libre a fachada do establecemento de calquera elemento que impida o acceso, como taburetes, peches laterais de toldos, etc.

8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.A.R.C., (BAR "ARGOLIDE"), para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Félix Ozámiz, nº 41-Cangas, nunha superficie de 12 m<sup>2</sup>., do 15 de xuño ao 15 de setembro.



## Concello de Cangas

9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR R.P.E., (TAPERÍA "O BRUÑO"), para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Celso E. Ferreiro (O Forte), nº10-Cangas, nunha superficie de 9,75 m<sup>2</sup>., do 1 de xullo ao 30 de setembro (condicionada a que deixe paso libre para os peóns).

10.- SOLICITUDE PRESENTADA POR R.G.V., (RESTAURANTE "DUA VOLTA"), para ocupación con mesas e cadeiras en rúa Antonio Garelly, nº 21-Cangas, nunha superficie de 12,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro (condicionada a que deixe paso libre, de ser o caso, ás emerxencias).

### CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao



## Concello de Cangas

Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

### 3.B) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA SOBRE A MESA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda deixar pendente da emisión de informe pola Policía Local para a seguinte solicitude de ocupación de vía pública:

1.- Solicitude presentada por S.P.D., (CAFETERIA "LA MEDIEVAL"), en rúa Real, nº 58-Cangas, para ocupación na beirarrúa de 4,00 m<sup>2</sup>., foi deixado sobre a mesa pendente da emisión de informe pola Policía Local, de conformidade coas especificacións definidas na vixente Ordenanza Municipal de ocupación de vía pública.



Concello de Cangas

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 8 DE XUÑO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

##### 4.A) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.148.- A GAS GALICIA SDG SA, para en Avenida das Flores, nº 2-Darbo, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:



## Concello de Cangas

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análises sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

**Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.**

EXPEDIENTE Nº 25.921.- A GAS GALICIA SDG SA, para en rúa Castelao, nº 3-Cangas, executar unha canalización de 13,92 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.



## Concello de Cangas

- \* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.
- \* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos cincuenta euros con sesenta céntimos (350,60 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

**Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.**

EXPEDIENTE Nº 23.050.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.943.- A C.P.L., con enderezo en Rúa Nova de Arriba, nº 96-Bueu, modifícaselle a referida licenza de conformidade coa documentación presentada en data 7 de marzo de 2016.

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.920.- M.A.P.V.: reparacións interiores e exteriores en San Cibrán, nº 18-Aldán.





## Concello de Cangas

### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 25.926.- COMUNIDADE PROPIETARIOS ESPÍRITU SANTO: pintado de garaxe en rúa Os Pinos, nº 7-O Espírito Santo-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.941.- A.R.C.: obras de conservación e mantemento de edificación existente: cambio de fiestras en Rúa Seixo, 18-4ºA-Cangas.

EXPEDIENTE 25.943.- A.B.M.: reparacións exteriores en edificación existente en rúa Florida, nº 5-Balea-Cangas.

EXPEDIENTE 25.946.- M.T.M.C.: obras de conservación e mantemento de cerramento existente: enfoscado e pintado en Pedralán, nº 6-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.947.- A.M.A.: obras de conservación e mantemento: alicatado de baños e cociña e cambio de fiestras en rúa Real, nº 61-4ºF-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.964.- COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. VIGO, 85: reparación de fachadas (limpeza, retirada de azulexos e pintado) na Avda. Vigo, nº 85-Cangas.

### **6º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

6.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 40/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 06.06.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 40/2015-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE Nº 40/2015*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de San Roque-Darbo, consistentes en: realizar un muro a base de cachotería sen axustarse á aliñación con respecto ao camiño.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 12 de xaneiro do 2016 de considerar as obras mencionadas como ilegalizables, por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas (título V das Normas Urbanísticas II, sistema viario).*



## Concello de Cangas

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M.V.V., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sanción impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas noprazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163. c) da Lei 2/16, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo*



## Concello de Cangas

*co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.1c) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 40/2015-S.

### 6.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 33/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 03.06.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 33/2015-S, que é como segue:



**Concello de Cangas**

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 33/2015-S

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo, no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento sen axustarse á comunicación previa nº 24592 para a realización dun muro de cachotería de 0,70 m. de alto.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 12 de febreiro do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación SNU-EN.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J.A.C.G., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ó infractor que as sanción impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163. c) da Lei 2/16, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de Réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en*



## Concello de Cangas

*materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non*



## Concello de Cangas

*cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 33/2015-S.

### 6.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 10/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 07.06.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 10/2015-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE Nº 10/2015*

#### *PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Resultando que no lugar do Freixo-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un galpón a menos de 3,00 metros do lindeiro.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, S.T.S.M., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 161.2 da Lei 2/16 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 50%.*



## Concello de Cangas

*Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163 da Lei 2/16, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 9/02, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.1c) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93 de Recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DÍAS, a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*



## Concello de Cangas

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 10/2015-S.

### 6.D) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 3/2014-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 06.06.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 3/2014-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 3/2014-S*

#### *PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro do 2015, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de A.A.S. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Rabáns-Vilanova, obras consistentes en realizar muros de contención de 2 metros de alto a menos de 4 metros do eixo do camiño, sen realizar cesión ó viario, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, con data 19 de xaneiro do 2016, rexistro de entrada nº 579 e 19 de febreiro do 2016, rexistro de entrada 2085, A.A.S., presenta escrito de alegacións ó expediente*





## Concello de Cangas

*sancionador dentro do prazo conferido ao efecto no que manifesta en síntese que:*

*Con independencia das anteriores alegacións, pon en coñecemento do Concello que procederon a retirar o muro de contención aludido, para o que solicitaron licenza nº de expediente 24945.*

*Alega tamén a circunstancia atenuante de paralización, das obras e o dereito á redución do 80% da multa, por repoñer a realidade física alterada, retirando o muro de contención.*

*Procede estimar as alegacións presentadas visto o informe da inspección de obras de data 10 de maio de 2016 no que se sinala que: 'Logo de conceder a licenza 24675 para reparación de muro de contención e logo de demoler o tramo deste que invadía espazo viario, considero que foi reposta a legalidade urbanística. Finalmente sinalar que as obras consistiron na realización dun muro novo independentemente de si no lugar había un muro preexistente.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 158 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que A.A.S., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/2002 e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.*

*Indicar o interesado que se legaliza as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.*

*SEXO.- Que de conformidade co sinalado no ar. 19.2 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do tramite de audiencia silanado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*



## Concello de Cangas

*\* Impoñer a A.A.S., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seiscentos euros con dez céntimos (600,10€), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Rabáns-Vilanova, consistentes en realizar muros de contención de 2 metros de alto a menos de 4 metros do eixo do camino, sen realizar cesión ao viario.*

*Advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 50 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 3/2014-S.

### 6.E) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 35/2014-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 06.06.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 35/2014-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 35/2014*

*PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ARQUIVO DO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR PRESCRICIÓN DO EXPEDIENTE DE RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA*

*Concluído ao expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Punta Alada-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento metálico a menos de 4 metros do eixo do camiño.*

*Con data 13 de xullo do 2015, pola Xunta de Goberno Local iniciase procedemento sancionador polos feitos mencionados dos que presuntamente é responsable, H.L.B.*

*Considerando que o artigo 159.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón, que as infraccións urbanísticas graves prescribirán aos seis anos a contar desde a finalización das obras ou da actividade.*

*Visto o informe do inspector de obras de data 25 de xaneiro de 2016 no que sinala que considera posible, vista a alegación presentada pola interesada que a*



## Concello de Cangas

*o cerramento teña máis de seis anos, co cal a infracción estaría prescrita por resolución da Alcaldía, se procedeu o arquivo do expediente de restauración da legalidade urbanística.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Declarar o arquivo do expediente sancionador nº 35/2014-S, incoado a H.L.B., polas obras realizadas en Punta Alada-O Hío, ao considerar, visto o informe do inspector de obras de data 25 de xaneiro de 2016, que transcorreu o prazo de prescrición tipificado na Lei 9/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 159.9 de seis anos a contar dende a finalización das obras.*

*SEGUNDO.- Notifíquese o acordo aos interesados con indicación do réxime de recursos preceptivos”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 35/2014-S.

### **FACENDA**

#### **7º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### **7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
M.F.M.	AVAL	4.623,93 €	EXPTE. Nº 22.330



**Concello de Cangas**

## **8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

### **8.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA**

Dase conta de sentenza ditada o día 27.05.2016 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de suplicación nº 4630/2015-MCR, promovido por M.T.G.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza ditada o día 27.05.2016 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de suplicación nº 4630/2015-MCR, promovido por M.T.G.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

## **9º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE 16 FOTOCOPIADORAS EN RÉXIME DE RENTING, ASINADO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A EMPRESA "DIN, SL"**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 09.06.2016, referente a modificación do contrato administrativo de subministración e mantemento de 16 fotocopiadoras en réxime de renting, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE 16 FOTOCOPIADORAS EN RÉXIME DE RENTING*

*Visto o contrato administrativo de subministración e mantemento de 16 fotocopiadoras en réxime de renting, asinado entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria Documentación e Imagen del Noroeste S.L. (DIN, S.L.) o día 11.01.2016.*

*Visto o informe emitido polo responsable do contrato, Alfonso Sestay Martínez, no que pon de manifesto a insuficiencia da prestación contratada e a conveniencia de engadir unha nova fotocopiadora para dar servizo á conserxería municipal, o cal levaría consigo un aumento de cento quince euros (115,00 €) (IVE excluído) na cota mensual do contrato, ascendendo esta á*



## Concello de Cangas

*cantidade total de oitocentos sesenta e cinco euros con quince céntimos (865,15 €/mes) (IVE incluído).*

*Tendo en conta que esta modificación do contrato non supón unha alteración das condicións esenciais da licitación e adxudicación e que unicamente introduce unha variación estritamente necesaria para a adecuación do contrato ás necesidades municipais.*

*Por todo o que antecede, en virtude do disposto nos artigos 107, 108, 211 e 219 do TRLCSP relativos á modificación dos contratos, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Aprobar a modificación do 'Contrato administrativo de subministración e mantemento en réxime de renting de 16 de fotocopiadoras para distintas dependencias do Concello de Cangas', asinado entre esta entidade local e a empresa adxudicataria DIN, SL, con CIF nº B36399087 o día 11.01.2016.*

*Segundo.- Esta modificación supón que a empresa queda obrigada a subministrar e prestar o servizo de mantemento dun equipo modelo RICOH AFICIO MP 6002SP, cuxas principais características técnicas son:*

- *Impresión en branco e negro.*
- *Escaneado en branco/negro e cor.*
- *Velocidade de impresión 60 ppm.*
- *Velocidade dixitalización ata 130 ipm.*
- *Bandexa de papel de 2x1.550 follas.*
- *Bandexa bypass 1x100 follas.*
- *Impresión dobre cara automática.*
- *Velocidade de escaneo: inferior a 0,70 segundos.*
- *Tarxeta de rede 10/100.*

*Terceiro.- Modificar o prezo do contrato, establecendo unha cota mensual de oitocentos sesenta e cinco euros con quince céntimos (865,15 €/mes) (21% IVE incluído), mantendo nos mesmos termos as demais condicións contractuais.*

*Cuarto.- Anexar este acordo de modificación ao documento formalizador do contrato quedando como parte integrante deste.*

*Quinto.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria DIN SL, e dar traslado deste aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.*

*Sexto.- Comunicar a modificación do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público".*



**Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente a modificación do contrato administrativo de subministración e mantemento de 16 fotocopiadoras en réxime de renting.

## **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

### **10º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

#### 10.A) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.06.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* CONCEDER a M.R.N., co expediente nº: 36008/02/889-VI0000041147, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- Atencións de carácter psico social e educativo.*

*Custo do servizo:* *oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).*

*Achega económica da persoa usuaria:* *(segundo a capacidade económica) setenta e nove euros con catorce céntimos (79,14 €/mes).*

*Número de horas:* *70 horas.*

*Data prevista de alta no SAF:* *xuño de 2016".*



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 10.B) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.06.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* CONCEDER a I.F.B., co expediente nº: 36008/01/1648-VI0000049532, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- Atencións de carácter psico social e educativo.*

*Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta e sete céntimos (551,77 €).*

*Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) 0 €/mes.*

*Número de horas: 45 horas.*

*Data prevista de alta no SAF: xuño de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 10.C) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.06.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:



## Concello de Cangas

### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* CONCEDER a F.F.B., co expediente nº: 36008/01/1648-VI0000049535, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- Atencións de carácter psico social e educativo.*

Custo do servizo: *cincocentos cincuenta e un euros con setenta e sete céntimos (551,77 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo a capacidade económica) cento cincuenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (155,46 €/mes).*

Número de horas: *45 horas.*

Data prevista de alta no SAF: *xuño de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 10.D) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.06.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* CONCEDER a M.C.M.P., co expediente nº: 36008/02/2118-VI0000031654, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*





## Concello de Cangas

### Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta e sete céntimos (551,77 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) noventa e tres euros con cincuenta e oito céntimos (93,58 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data prevista de alta no SAF: xuño de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 10.E) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 10.06.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* Conceder a ampliación do servizo de Axuda a Domicilio a C.P.M., con expediente nº 36008/01/000209-SAAD12-36/1034915/2008-44, pola quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

### Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Número de horas mensuais: 70 horas.

Custo total do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (858,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora).

*O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de mil catrocentos oitenta e dous euros con vinte e oito céntimos (1.482,28 €), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de catro euros con vinte e nove céntimos (4,29 €/hora).*



## Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: trescentos euros con setenta e seis céntimos (300,76 €/mes).

*O servizo de SAF ampliarase a partir do 15 de xuño de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 10.F) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 10.06.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* Conceder o Servizo de Axuda a Domicilio a M.T.A.S., con expediente nº 36008/01/001714-52726, pola quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais:* 70 horas.

*Custo total do servizo:* oitocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (858,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora).

*O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de setecentos noventa e seis euros con dezaseis céntimos (796,16 €), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de dous euros con cinco céntimos (2,05 €/hora).*



**Concello de Cangas**

*Achega económica da persoa usuaria: cento corenta e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (143,55 €/mes).*

*O servizo de SAF ampliarase a partir do 15 de xuño de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **11º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALOXAMENTO TEMPORAL POR SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 31.05.2016, relativa resolución de concesión do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal, que di:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*D. E.G.G. xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas (Pontevedra)*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* Conceder a A.P.S., con expediente nº 36008/01/000362, a prórroga da cesión do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situacións de emerxencia social (SAT), por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza reguladora do SAT a partir da data do mércores 28 de abril de 2016.*

*Duración prevista de cesión de tres meses".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **12º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/PRÓRROGA CASA DOS POBRES**

Este punto retírase da orde do día por producirse duplicidade co punto nº 11.



Concello de Cangas

## **SUBVENCIONS**

### **13º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DE PEQUENAS INFRAESTRUTURAS MEDIANTE PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL (FEADER)**

Dase conta de proposta do día 09.06.2016 da concelleira de Obras e Servizos, referente a solicitude de subvención ao Instituto Enerxético de Galicia, para creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local (FEADER), que é como segue:

*"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA CREACIÓN MELLORA E AMPLIACIÓN DE PEQUENAS INFRAESTRUTURAS MEDIANTE PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL (FEADER)*

*Vista a Resolución do 10 de maio de 2016 do Instituto Enerxético de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.*

*Vistas as necesidades que existen neste termo municipal de adopción de medidas de mellora da eficiencia enerxética, redáctase polo técnica municipal, D<sup>a</sup> M.I.M.F, proxecto denominado CAMBIO DE ILUMINACIÓN EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS-PAVILLÓN DO GATAÑAL-CONCELLO DE CANGAS, polo importe total de cincuenta e catro mil catrocentos vinte e oito euros con vinte e dous céntimos (54.428,22 €) (incluído o IVE) e corenta e catro mil novecentos oitenta e dous euros (44.982,00 €) sen IVE.*

*Visto que o Concello de Cangas reúne os requisitos que se especifican na Orde citada e cos do artigo 10º da Lei 9/2017, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Resolución do 10.05.2016 do Instituto Enerxético de Galicia, unha subvención para a execución do proxecto de CAMBIO DE ILUMINACIÓN EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS-PAVILLÓN DO GATAÑAL-CONCELLO DE CANGAS, segundo o seguinte desglose:*



**Concello de Cangas**

<b>Denominación obra</b>	<b>Orzamento total sen IVE</b>	<b>Subvención solicitada</b>	<b>Aportación municipal</b>
<i>CAMBIO DE ILUMINACIÓN EN INSTALACIONES DEPORTIVAS-PAVILLÓN DO GATAÑAL-CONCELLO DE CANGAS</i>	<i>44.982,00 €</i>	<i>33.736,50 €</i>	<i>11.245,50 € e 9.446,22 € correspondentes ao IVE. 20.691,72 €</i>

**Segundo.-** *Facultar ó Sr. alcalde-presidente, por acordo de Pleno de data 13 de xuño de 2015, D. Xosé Manuel Pazos Varela, para que asine cantos documentos sexan precisos para cumprimento da orde de solicitude.*

**Terceiro.-** *Declarar que para este proxecto non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención ao Instituto Enerxético de Galicia, para creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local (FEADER).

**14º.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS 2015/2017**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 09.06.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas 2015-2017, que é como segue:

*"APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS 2015-2017*

**Procedemento** SA463G

**Subvención** *Cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, importe concedido 44.716,01 euros*

**Anos** 2015-2017



## Concello de Cangas

*Vista a memoria redactada polo técnico en prevención de drogodependencias, o informe da Intervención Municipal e a documentación que consta no expediente referente ao expediente da subvención concedida para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe concedido de corenta e catro mil setecentos dezaseis euros con un céntimo (44.716,01 €) para as anualidades do 2015-2017, do importe concedido, recibiu un primeiro pagamento de carácter anticipado polo importe de once mil seiscentos oitenta e sete euros con trinta e dous céntimos (11.687,32 €), polo que propoño á Xunta de Goberno Local:*

*A aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, ocasionados pola realización das actividades do citado proxecto no período do 1 de xuño de 2015 ata o 31 de maio de 2016, polo importe total de trinta e oito mil novecentos sesenta e nove euros con oitenta e catro céntimos (38.969,84 €), correspondendo vinte e nove mil novecentos vinte e oito euros con setenta e nove céntimos (29.928,79 €) ao salario bruto e oito mil setecentos sesenta e cinco euros con trece céntimos (8.765,13 €) á Seguridade Social do técnico en prevención, D. A.C.I, de conformidade co seguinte:*

*- Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do Concello de Cangas están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Sanidade e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.*

*- Que a finalidade da dita subvención é o desenvolvemento do proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas no Concello de Cangas e maniféstase o cumprimento desta.*

*- Que todos os gastos están contabilizados e efectivamente pagados, ocasionados pola realización das actividades do citado proxecto no período do 1 de xuño de 2015 ata o 31 de maio de 2016, ascenden a un total de trinta e oito mil seiscentos noventa e tres euros con noventa e dous céntimos (38.693,92€) euros, correspondendo vinte e nove mil novecentos vinte e oito euros con setenta e nove céntimos (29.928,79 €) ao salario bruto e oito mil setecentos sesenta e cinco euros con trece céntimos (8.765,13 €) á Seguridade Social. Os gastos imputables son os seguintes:*



## Concello de Cangas

<i>Mes-ano do técnico, A. C.I</i>	<i>Importe salario bruto</i>	<i>Data recoñecemento de data pagamento nómina</i>	<i>Importe Seguridade Social</i>	<i>Data recoñecemento e data pagamento S.S.</i>
<i>Xuño 2015</i>	<i>2.167,07</i>	<i>24/06/2015 26/06/2015</i>	<i>796,83</i>	<i>28/07/2015 31/07/2015</i>
<i>Xuño 2015 extra</i>	<i>1.850,95</i>	<i>03/06/2015 05/06/2016</i>	<i>—</i>	
<i>Xullo-2015</i>	<i>2.277,27</i>	<i>28/07/2015 28/07/2015</i>	<i>796,83</i>	<i>24/08/2015 31/08/2015</i>
<i>Agosto-2015</i>	<i>2.167,07</i>	<i>24/08/2015 24/08/2015</i>	<i>796,83</i>	<i>25/09/2015 30/09/2015</i>
<i>Setembro- 2015</i>	<i>2.167,07</i>	<i>25/09/2015 25/09/2015</i>	<i>796,83</i>	<i>23/10/2015 30/10/2015</i>
<i>Outubro-2015</i>	<i>2.167,07</i>	<i>23/10/2015 27/10/2015</i>	<i>796,83</i>	<i>26/11/2015 30/11/2015</i>
<i>Novembro- 2015</i>	<i>2.167,07</i>	<i>26/11/2015 26/11/2015</i>	<i>796,83</i>	<i>18/12/2015 31/12/2015</i>
<i>Decembro-2015</i>	<i>2.167,07</i>	<i>18/12/2015 18/12/2015</i>	<i>796,83</i>	<i>27/01/2016 29/01/2015</i>
<i>Decembro- 2015 extra</i>	<i>1.850,95</i>	<i>04/12/2015 04/12/2015</i>	<i>—</i>	
<i>Xaneiro-2016</i>	<i>2.188,84</i>	<i>27/01/2016 28/01/2016</i>	<i>796,83</i>	<i>25/02/2016 29/02/2016</i>
<i>Febreiro-2016</i>	<i>2.188,84</i>	<i>25/02/2016 30/02/2016</i>	<i>796,83</i>	<i>31/03/2016 31/03/2016</i>
<i>Marzo-2016</i>	<i>2.188,84</i>	<i>30/03/2016 30/03/2016</i>	<i>796,83</i>	<i>28/04/2016 29/04/2016</i>
<i>Abril-2016</i>	<i>2.188,84</i>	<i>28/04/2016 28/04/2016</i>	<i>796,83</i>	<i>27/05/2016 31/05/2016</i>
<i>Maió-2016</i>	<i>2.188,84</i>	<i>27/05/2016</i>		

*Que para a mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención algunha doutra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a aprobación de



**Concello de Cangas**

conta xustificativa da subvención para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas 2015-2017.

## **MOCIDADE E VOLUNTARIADO**

### **15º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTE A APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O PAGAMENTO DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE "ENREDOS DE VERÁN"**

Dase conta de Decreto da Alcaldía do día 09.06.2016, referente a corrección de erros de acordo da Xunta de Goberno Local do 24.05.2016, de aprobación de prezos públicos do programa "ENREDOS DE VERÁN", que di o seguinte:

#### *"DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS*

*Advertido erro por omisión no acordo de Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2016, relativo a a aprobación de prezos públicos para o pago das actividades do programa 'ENREDOS DE VERÁN', xa que non se inclúen os supostos de bonificación permitidos polo apartado 2º do artigo 44 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*De conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico e de procedemento administrativo común que establece: '...as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de xeito ou aritmético existentes nos seus actos'.*

#### **Onde di:**

*Prezos públicos para o pago das actividades do Programa 'Enredos de Verán':*

- *Actividades de mañá: 5,00 €/día.*
- *Actividades de mañá e comedor: 9,00 €/día.*
- *Actividades día completo: 10,00 €/día.*
- *Actividades náuticas: 45,00 €/quincena*

#### **Debe dicir:**

*Prezos públicos para o pago das actividades do Programa 'Enredos de Verán':*

- *Actividades de mañá: 5,00 €/día.*
- *Actividades de mañá e comedor: 9,00 €/día.*
- *Actividades día completo: 10,00 €/día.*
- *Actividades náuticas: 45,00 €/quincena.*

*As cotas indicadas quedarán bonificadas nun 50 por 100 para o/a segundo/a e demais irmáns/ás.*





Concello de Cangas

*RESOLVO:*

*Primeiro.- Aprobar a rectificación do texto reseñado por tratarse dun erro material ou de feito, segundo se desprende da documentación obrante no expediente e que non precisa acudir a interpretacións xurídicas, de conformidade co disposto no art. 105.2 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/99.*

*Segundo.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a corrección de erros de acordo da Xunta de Goberno Local do 24.05.2016, de aprobación de prezos públicos do programa “ENREDOS DE VERÁN”.

## **PERSOAL**

### **16º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA S/OFERTA DE PRAZA DE ENXEÑEIRO INDUSTRIAL COMO BOLSEIRO**

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE SENTIDO DO BANCO PARALELO AO LOCAL “CONSERVAS ARTEMAR” NO EIRADO DO SEÑAL**

Dase conta de proposta do día 30.05.2016 da concelleira de Obras e Servizos, referente a solicitude de autorización de cambio de sentido do banco paralelo ao local “CONSERVAS ARTEMAR” no Eirado do Señal:



## Concello de Cangas

### *"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE SENTIDO DO BANCO PARALELO AO LOCAL 'CONSERVAS ARTEMAR' NO EIRADO DO SEÑAL*

*1º.- Por escrito de rexistro de entrada nº 3383 de 16.03.2016, M.L.R.en representación de 'Conservas Artemar' sita en Eirado do Señal, nº 4, solicita o cambio de sentido do banco paralelo ao local indicado.*

*2º.- Traslada a solicitude á oficina de rehabilitación por ser un espazo incluído na zona de protección do PEPRI solicítase informe da arquitecta da oficina de rehabilitación.*

*3º.- Visto o informe da arquitecta da oficina de rehabilitación que indica que desde o punto de vista urbanístico é posible o cambio de sentido do banco xa que se trata de mobiliario urbano non de edificación, 'que as obras de urbanización e humanización realizadas no Eirado do Señal foron deseñadas e executadas aténdose á disposición de baixos comerciais, accesos a vivendas segundo o uso naquel momento (2008) sen prexuízo dos cambios nos locais, peches de actividade ou aperturas de novos establecementos, accesos, escaparates ou usos urbanos que puideran xurdir no tempo e ser preciso o cambio de posición dalgún dos seus elementos, a variación de posición na colocación dun banco non varia o espazo, nin a súa morfoloxía esencial".*

*4º.- Visto que o informe indica que: 'pode accederse ao solicitado e que é posible a variación na colocación do banco para poder facilitar a fluidez dos viandantes ou propiciar os novos usos do espazo público', elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*1.- Estimar a solicitude e autorizar o cambio de sentido do banco por parte do solicitante baixo control e supervisión dos técnicos municipais.*

*2.- Notificar o presente acordo ao interesado e a Oficina de rehabilitación para que efectúe o seguimento das obras e instando ao solicitante á reparación de posibles danos que se poidan producir no pavimento actual."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente proposta da concelleira de Obras e Servizos, referente a solicitude de autorización de cambio de sentido do banco paralelo ao local "CONSERVAS ARTEMAR" no Eirado do Señal.

## **B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E TURISMO S/ESTABLECER ARENAIS PARA CANS**



## Concello de Cangas

Realizada proposta da concelleira de Medio Ambiente e Turismo, para establecer os seguintes arenais para persoas acompañadas dos seus animais domésticos, concretamente cans:

- PRAIA DA CHIMENEA
- PRAIA DE LAXIELAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Habilitar a praia da Chimenea e a praia de Laxielas, como praias para persoas acompañadas dos seus animais domésticos, concretamente cans, para o que se ten que proceder a realizar o seguinte:

- Habilitar a praia da Chimenea e a praia de Laxielas, como praias aptas para a presenza de cans, sendo estas dúas praias de todo o término municipal ao que queda permitido acceder con animais domésticos da especie can.

- Acórdase, segundo a modificación da Ordenanza de uso e disfrute de praias do término municipal de Cangas, dotar ditas praias do seguinte:

a) 1 cartel indicativo: *"Areal habilitado para o acceso con cans"*.

b) 2 papeleiras para feces animais establecidos nos accesos ás praias.

c) Cartel informativo co seguinte texto:

*"ADVERTENCIA:*

*Existe un informe da APYMA que desaconsella a presenza de animais nas praias dado que as deposicións caninas, tanto líquidas como sólidas, conteñen gran cantidade de bacterias e microorganismos. Estas deposicións, se non son recollidas no momento, poden infectar a area da praia e, unha vez en contacto co ser humano, pode producir borrielse, ehrlichiose, salmonelose, etc. así como fungo e parásitos.*

*Polo tanto, é obriga do/a propietario/a dun animal doméstico:*

- *Recoller as feces animais e depositalos na papeleira correspondente.*
- *Vixilar o correcto comportamento do seu animal doméstico."*

SEGUNDO.- Deixar sen efecto o acordo A) de urxencias adoptado por esta Xunta de Goberno Local o día 17 de agosto de 2015, onde se habilitaba a praia da Congorza como areal para acceso con cans.



**Concello de Cangas**

### **C) SOLICITUDE DE C.M.A. S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN CRISTOBO-2016**

Vista a solicitude presentada en data 13.06.2016 por C.M.A, na que demanda autorización para a celebración das Festas de San Cristobo para os vindeiros días 8, 9 e 10 de xullo do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda denegar a solicitude do Sr. M.A, por coincidir con outros eventos que se celebran no mesmo período.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente